


# O MUNDO RARO DE MERMEL

*Contos para abordar as diversidades e disidencias en infantil e primaria*




**Melani Penna Tosso • Mercedes Sánchez Sáinz • Belén de la Rosa Rodríguez**

**Ilustracións de Ana Moyano Cano**











The background features a watercolor wash in shades of brown and tan, with various cursive script characters scattered throughout. The text is centered in a black serif font.

# o mundo raro DE MERMEL

© 2020, do texto: Polvorilla (Melani Penna Tosso), Rochi (Mercedes Sánchez Sáinz), Bol (Belén de la Rosa Rodríguez)

© 2020, das ilustracións: Ana Moyano Cano

© 2020, desta edición: Federación de Ensino de CCOO

Primeira edición: maio de 2020

Deseño e maquetaxe: Ana Moyano Cano

Impresión e encadernación: Eujoa Artes Gráficas

Impreso en España

ISBN: 978-84-09-17568-0

Depósito legal: M-12911-2020

Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro, nin á súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do copyright. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual.



## AGRADECEMENTOS

A Eva Sánchez Mateos e Sara Sánchez Mateos, por dicir cales destes contos eran os seus favoritos.

A Soledad Trujillo Barbadillo e Yera Moreno Sainz-Ezquerro, polas súas críticas sempre construtivas.

Ás familias: como a de Gemma Romero Diéguez, que lles contou os contos a Abril e Leo.



## **No principio dos contos...**

Os *Contos raros* que tes nas mans pretenden ser unha ferramenta para educar na liberdade de ser. O obxectivo primordial é establecer un fío condutor entre as diferenzas individuais e colectivas para poñer de manifesto as realidades de todas as persoas que existen na escola e ás que polo xeral se invisibiliza.

Desde a Federación de Ensino de CCOO, levamos moitos anos apostando por unha educación libre de estereotipos sexistas, LGTBIfóbicos, capacitistas, racistas, clasistas e hexemónicos, cunha mirada interseccional e co fin de axudar a construír unha escola acorde coas necesidades do conxunto do alumnado. Non podemos perder de vista a intención de camiñar cara a un mundo máis sostible e máis vivible.

Desde a ilusión e a forza colectiva e individual, aspiramos, en definitiva, a unha escola que brille e sorprenda como a purpurina.

No nivel metodolóxico, estes *Contos raros* forman parte dun proxecto pedagóxico máis amplo: *O mundo raro de Mermel*, que contén propostas didácticas para aplicar na aula e coas familias. Podes acceder a estes materiais a través da web da Federación de Ensino de CCOO ([fe.ccoo.es](http://fe.ccoo.es)).





# O MUNDO RARO DE MERMEL

*Contos para abordar as diversidades e disidencias en infantil e primaria*



Polvorilla, Rochi, Bol

Ilustracións de Ana Moyano Cano

# O MUNDO RARO DE MERMEL

No principio dos contos,  
Mermel non tiña pelo, nin forma de corpo, nin cor de pel, nin tamaño definido.  
No principio dos contos, Mermel non tiña, só era.  
**Ata que un día decidiu inventarse.**

Primeiro decidiu ter o pelo crecho.  
Moitas persoas berrábanlle:  
—Pelo crecho! Estropallo! O teu pai colle o teu pelo para limpar as tixolas?  
Outras persoas dicíanlle que con ese pelo reinaba máis.  
Entón Mermel, que era valente, decidiu deixar o pelo crecho,  
porque o vía parecido ás ondas do mar e pensaba que sobre el era moi divertido camiñar.









Logo decidiu levar lentes.

Moitas persoas berrábanlle:

—Catro ollos, rompeteitos! Na túa casa non necesitas pousavos tendo as túas lentes, non? Outras persoas querían mirar a través das súas lentes porque se vía diferente e dicían que parecía moito máis interesante.

Entón Mermel, que o tiña pensado, decidiu levar lentes porque así o vento non lle estorbaba nos ollos cando ía en bicicleta e vía mellor o sorriso da xente.





Máis tarde decidiu ter un corpo gordo

Moitas persoas berrábanlle:

—Gordopile, cugordo, que non te dás movido ben do que pesas!

Outras persoas aseguraban que se mantería con solidez ante un vendaval e que flotaría entre as ondas do mar.

Entón Mermel, que non tiña dúbidas, decidiu non pasar frío no inverno e querer moito o seu corpo.





Seguidamente, decidiu ter a pel escura.

Moitas persoas berrábanlle:

—Caca cheirenta, trapo sucio!

Outras persoas aseguraban que a súa pel era tan cálida coma un atardecer.

Entón Mermel, que así o decidira, quixo ter a pel escura,

para que **ninguén borrarse a súa historia.**

Finalmente, Mermel decidiu non ser nena nin neno.

Moitas persoas berrábanlle:

—Marimacho, maricas; ti que es, un neno ou unha nena?

Outras persoas aseguraban que tería liberdade para ser quen era.

Entón Mermel, que o tiña requetedecidido, logrou non ser mozo nin moza

e xogar ao que lle petaba sen que ninguén lle dixese o que tiña que facer:

ir con saia cando tivese calor e con pantalón cando quixese xogar,

poñer pinzas ou gravata en situacións elegantes,

e, **sobre todo, ser quen quería ser.**


Así, Mermel xa tiña e xa era.

Entón Mermel, feliz, saíu buscar amizades e unha familia.

Aquí empeza a súa aventura.







A vila á que chega Mermel  
é unha vila especial,  
conviven xentes de todas as idades  
e nela todas as persoas mandan por igual.

Cada familia vive onde quere,  
en edificios, casas e chozas,  
todo o mundo se entretén.

E cadaquén viste ao seu xeito,  
sexa verán, outono, inverno ou primavera,  
con ponchos, kaftáns, saias e pantalóns,  
todos bordados cunha chea de cores.







Na vila de Mermel comen moi variado,  
botan as súas sementes e tamén van ao mercado.  
E, para chegar a algún lugar,  
poden ir por río, terra, aire ou mar.

Na vila de Mermel, cando celebran as súas festas,  
bailan, cantan e tamén botan a sesta.  
E é que, nesta vila, todas as persoas poden entrar.  
Cores, tamaños e formas son variados neste lugar.









Cando Mermel chega a ese lugar tan especial, hai unha casa libre,  
pero para entrar a vivir necesita superar unha proba.

Consiste en atopar a chave que abra a porta.

Mermel sabe que non pode conseguila sen axuda.

Diríxese a un grupo de seis persoas da súa idade.

Segundo se achega, escoita a súa conversación:

—Estou farto de que, por ter síndrome de Down, a xente pense  
que teño que estar todo o tempo contento! —di Polchi.

—A min todo o mundo me pide que lles cante algo porque son xitana,  
coma se eu soubese cantar!

—Tes razón, Fer —comenta Kriscar—, como son cega a min cóllenme  
da man para cruzar a rúa, aínda que eu non o pida.

—Ola! —interrompe Mermel—, como vos chamades?

Polchi, Peca, Mebe, Kriscar, Pitu e Fer contestan.

—Eu son Mermel, acabo de chegar a esta vila e quero vivir nesa casa,  
pero teño que atopar a chave. Axudádesme?







—Pitu, podes ir axiña buscar a chave? —di Mermel.  
—Sen problema! Subide á miña cadeira de rodas e chegaremos decontado.  
Kriscar grita: Estou a oír o retintín da chave!  
Parece que un paxaro está dándolle co peteiro!  
—Aí, véxoa —di Mebe en lingua de signos—,  
hai un escintileo dentro da copa desa árbore!  
—Vamos Mermel —exclama Peca—, non quedes atrás!  
E Mermel, correndo cara á árbore, di: Imos rubir á árbore  
antes de que a leve o paxaro.  
—Acougade! Subimos á árbore coas vosas indicacións  
e temos a chave —berran Polchi e Fer, con moita emoción,  
coa chave na man.

Mermel pensa: Encántame esta cuadrilla. Ao seren tan diferentes  
podemos traballar colectivamente e facer unha chea de cousas.










# Trocando

Os mércores na vila é un día xenial,  
é o día do troco e ninguén quere faltar.  
A ferreira leva cousas de metal,  
fúndeas e calquera obxecto che pode dar.  
O panadeiro leva pans e pasteliños,  
a labrega, verduras,  
e todo xunto está moi rico.







Se neste troco algo queres cambiar,  
nunca diñeiro poderás dar.  
Darás cancións, masaxes, abrazos ou roupaxes,  
e a cambio levarás  
o que necesites utilizar.  
Así Mermel o seu fogar puido amoblar,  
ofrecendo as súas habilidades para trocar.







# QUE VISTO?

Hoxe é o meu primeiro día de colexio.  
Non sei ben que hei poñer,  
vou ver entre a roupa que teño  
con que me sinto mellor.

Non me importa o que diga a xente,  
non me importan as cores, paso da moda  
e dáme igual que digan se é de moza ou de mozo.  
O que importa é a liberdade  
**para xogar, cantar, rir e bailar, la, la, la!**







Comezo poñendo o meu vestido favorito.  
Cando dou voltas parece que voa.  
Gústame levar os pés ao aire porque o vento  
fai-me cóxegas ao camiñar,  
pero penso que ao xogar no parque  
podo sentir incomodidade.

**Xogar, cantar, rir e bailar, la, la, la!**

Probo agora un pantalón vaqueiro,  
unha camiseta e unha gorra.  
É un pantalón un pouco caído  
e a camiseta é azul e ancha.  
Paréceme moi cómodo para xogar,  
pero é un pouco aburrido.

**Xogar, cantar, rir e bailar, la, la, la!**

Creo que xa o teño! Estas botas moradas que tiña  
e aínda non estreei xunto cos pantalóns que cambiei  
no troco e unha camiseta de cores sen mangas.

**Sérvenme para xogar, cantar, rir e bailar, la, la, la!**

Cumpre todo o que quero,  
son cores alegres e sinto comodidade para xogar...  
Que máis podo pedir o primeiro día de clase?







# NO recreo

O patio do meu cole  
é un patio singular,  
ten unha pista de baile  
e ao parchís podemos xogar

Hai unha parte baleira para correr e correr,  
outra onde verduras podemos recoller.

Todas as persoas podemos divertirnos,  
falar, xogar e, **sobre todo, rirmos.**









Xogando, xogando, **de maiores estamos a imaxinarnos.**

Fer quere ser futbolista,  
lanzando o balón é unha artista.  
A Peca encántalle bailar,  
o hip hop para el é o máis.  
Pitu é unha carteira veloz,  
hai que eliminar ese bordo atroz!  
Kriscar detecta a calor,  
vai ser bombeira de maior.

Polchi é actor  
e chamouno un famoso director.  
Mebe quere decidir cando descansar  
e algún día o mundo cambiará.  
Mermel ten preocupación,  
non se imaxina en ningunha profesión.

**Ring, ring,** soa o timbre!  
É a fin, volvemos á clase,  
hai que estudar, pase o que pase.






# SÓ IMOS XOGAR

Hoxe é o meu aniversario.  
Algo me regalarán?  
Que nervios teño!  
Non sei que me traerán.

Polchi trae un balón,  
xogamos a tiralo.  
Gústame un montón!

Peca trae unha boneca  
e dámoslle de comer  
para que creza moito  
e de maior todo o que queira poida ser.

Pitu trae un patín,  
déixame agarrarme á súa cadeira  
e chegamos ata a fin.







Mebe trae unhas pinzas,  
poñémolas na cabeza  
e fannos cóxegas.

Fer trae uns xices,  
debuxamos un parchís  
e dános a risa.

Pero o agasallo que máis me gustou  
foi o que inventamos.

Queredes saber o que pasou?  
Non gastamos diñeiro e gozamos.




# ADIVIÑA, aDIVIÑA

Cando saíron do cole decidiron ir xogar ao bosque raro, pero para poder entrar tiñan que resolver, polo menos, a metade destas adiviñas...



Temos forma de buguinas  
que non se poden pechar.  
Estamos preto dos ollos  
e a cera nola tes que limpar.

Que tes na entreperna  
que o tes que limpar  
para que non che pique nunca  
e non cheire nunca mal?



Pode ser curto ou longo,  
rapado todo el ou rapado por unha banda.  
Liso como unha táboa, ondulado ou rizo.

Para arriba, para abaixo,  
amarelo, vermello ou pardo.



1: Orelhas 2: Xenitais, vulva, pene 3: Pelo





Dentro, fóra ou intermedio,  
crece, mingua, pero non dá medo.

Se o queres tocar,  
nada malo vai pasar,  
con mans limpas e coidado  
é o que tes que pensar.

Partido pola metade,  
moi limpo ten que estar,  
as costas rematan nel  
e aínda que te vires non o ves.

Pero, se lle deixas falar,  
unha tormenta empezará.



Sáenme na barba e no bigote,  
nas pernas e os brazotes.  
Sáenme por aquí, sáenme por alá,  
peliños á mar, non os quero quitar

Son un punto pequeniño  
moi preto do corazón,  
podo medrar un pouquiño  
e co frío póño-me duriño.



# COIDADOTE, COIDADIÑO

A primeira semana de cole celebramos a semana dos coidados. «Coidadote, coidadiño» chamámola.

O luns coidamos das cousas: as mesas, as cadeiras, as escaleiras, o taboleiro dixital e, a miña favorita, o encerado con xices de cores. E limpamos a aula.

O martes escribímoslle unha carta á alcaldesa para esixirlle que na nosa cidade se respecte o medio ambiente. Regamos a horta, reciclamos os papeis e vimos andando, en bicicleta ou en cadeira de rodas. Que divertida a semana!

O mércores toca algo moi importante, as mascotas. Ese día veñen da protectora de animais, a «dire» trae a súa cadelinha e saudamos o hámster da garita do conserxe. Hai que ver o felices que estamos cando temos preto animais ben coidados.







O xoves pintamos o banco da amizade no patio. Quen senta alí, sempre ten compañía. Damos abrazos a quen o necesita, preguntamos se molestamos coa nosa música e cantámoslle unha canción a quen está triste.


E o venres, o mellor día da semana, **cóidome a min.**

Penso que é o que me fai falta.

Polchi le un libro de aventuras, Fer mira pola xanela e pensa outros mundos, Kriscar tócase na cabeza dando unha masaxe.

O sábado e o domingo son o máis. Coidamos as persoas maiores, axudamos na limpeza, xogamos cos animais, saímos pasear polo campo e, sobre todo, penso en min e na xente á que quero.

Coidadote, coidadiño, que é o que che fai tilín?









# CONTO O QUE NON ME GUSTA QUE ME FAGAN

Despois de cear os cogomelos, Mermel senta no seu sofá feito con palla e, pouco a pouco, adormece, entón soña cun mundo máis respectuoso...

Se non me gusta que me estrullen as fazulas, non o fagas.

Se non quero bicar a veciña, non me obrigues a facelo.

Se non me gustan as coletas e detesto os moños,  
respecta como quero peitearme.

Se non me gusta que te achegues demasiado, sepárate de min.

Se non me gusta que me collas por sorpresa, pregúntame primeiro.

Se non quero poñer saias, déixame escoller a miña roupa.

Ser peque non é ser menos, é ser peque.

As túas necesidades non son as miñas.

**Ti es ti, eu son eu... mírame, respéctame.**







## OS DEDOS DOS PÉS

Mermel descubriu o amor  
a través dos dedos dos pés.  
Cando está cunha amiga  
parece que polos pés lle corren formigas.  
Se algo gustiño lle dá,  
as dedas ábrenselle sen parar.

Cando Mermel e Kriscar se van abrazar,  
reláxanselle a toda velocidade.  
E se alguén lle fai tilín  
pode voar ata a fin.  
Os amores son tan variados  
coma os sabores de xeados.





# BUGUINA

Dentro do bosque, Buguina contoulles a súa historia...

—Ola Buguina!—dicíanlle os seus amigos.

—Ola, queredes vir á miña casa?

Buguina organizaba moitas festas dentro da súa casa. Convidaba a Gusi-Gusi, a eiruga Serafina, o formigo Fino e a pulga Tulga.

Buguina é un caracol que vive en Sebastopol e saca os seus cornos ao sol.

Pero un día deixou de convidar os seus amigos á casa, xa non facía festas e non saía.

E dicíanlle: Buguina, Buguina, sae da casa que non estás soa.

Pero Buguina non quería falar, o formigo Fino ameazábaa e dicíalle:

—Da túa casa botareite e pegareille á túa nai.

O formigo Fino metíase na casa de Buguina e non a deixaba durmir.

Tocábaa por baixo do pixama e ela non quería.









Ata que un bo día, Buguina fartouse e díxolle a Fino: **NON**.  
Contoullo ás súas amizades, contoullo á súa familia e contoullo á súa mestra,  
e en grupo foron dicirlle ao formigo Fino:  
—**NON** é **NON**. Que letra non entendiches, o **N** ou o **O**?









# O RAP DO CHAS

(A frase «Fago chas e aparezo ao teu lado» foi extraída da canción de Álex e Cristina, 1987)

Insultos no patio,  
maricas, catro ollos, gorda, anano,  
fago CHAS e APAREZO ao teu LADO.

Berros, burlas, rexeitamentos,  
fago CHAS e APAREZO ao teu LADO.

Golpes, empurróns, patadas e rabuñadas,  
fago CHAS e APAREZO ao teu LADO.

Non hai saída, soidade, tempo xeadó,  
fago CHAS e APAREZO ao teu LADO.

Fago CHAS, fago CHAS, fago CHAS, fago CHAS.  
Eu contigo, ti comigo, todas xuntas, todos xuntos, somos máis.  
CHASSSSSS!<sup>1</sup>

1. Cantar a ritmo de rap.

















Fer vive co seu pai, a súa irmá maior e unha gata moi graciosa que xoga a comer peixes da tableta. A súa mamá morreu hai pouco e, como Mermel o sabe, queda xogando á tableta con ela, mirando fotos da súa mamá. Manuela, moi triste, acórdase de cando a separaron da súa mamá e enche a tableta de bágoas.

Pitu chama a Mermel de lonxe facendo acenos coa man:

—Mermel, Mermel!

Pitu vive coa súa nai, seu pai e dous irmáns que o seu pai tivo con outra moza.

—Mermel, **por que ti non tes familia?**

Mermel mira a Manuela, cando está con ela sente a calor do verán no inverno e sabe que non está soa.

—Manuela é a miña familia. Que é para ti unha familia?

Peca escoita a conversación comendo melón, vive coas súas dúas irmás maiores. Os seus pais e a súa nai viven noutro país. A Peca tivérona mediante técnicas de reprodución asistida.

Peca vai contestar e nese momentoponse a tronar.











CaTaPÚn, CaTaPÚn! Ímonos mollar!

Parece que un raio vai caer sobre Mermel, pero a burra Manuela consegue desvialo dun couce. Despois sae o sol, un arco da vella comeza a aparecer e o pelo de Manuela vólvese multicolor.








The background is white with several colorful triangles (pink, purple, yellow, blue, green) and scattered confetti-like dots in various colors (pink, blue, yellow, green) scattered across the page.


E Mermel exclama:

—**HAI MOITAS FORMAS DE SER FAMILIA.** Cal é a túa?




The background features several diagonal streaks of color: a red one in the top left, another red one in the top center, a thick orange one in the middle right, a yellow one in the bottom right, and a green one in the bottom left. These streaks are set against a white background with faint, multi-colored speckles.

E colorín, colorado, este conto raro e mollado está rematado.  
Polo momento, o mundo raro de Mermel toca á súa fin,  
seguramente viva novas aventuras e estas historias non rematen aquí...









# o mundo raro DE MERMEL

*No principio dos contos,  
Mermel non tiña pelo, nin forma de corpo,  
nin cor de pel, nin tamaño definido.  
No principio dos contos, Mermel non tiña, só era.  
Ata que un día decidiu inventarse ...*

